

# José Luis Sampedro ou da salvífica recreación na literatura


*Non vin aquí a facer retórica, nin literatura... Vin aquí a vivir,  
a vivir cando se me está acabando a vida  
e, por tanto, a gozala máis.*

J. L. Sampedro

**Ricardo PICHEL GOTÉRREZ**  
Universidad Complutense de Madrid

Humanista, escritor, docente e economista de orixe catalá (Barcelona, 1917), José Luis Sampedro reflicte na súa obra unha louvanza á vida, ao amor e á tolerancia, ao tempo que profesa cunha lucidez e sensatez abraiantes o seu humanismo crítico respecto á decadencia moral e social occidental, ao neoliberalismo e ás ineluctábeis eivas do capitalismo extremo. Entre as súas obras literarias, aínda que xa comeza a escribir desde finais da Guerra Civil (*La Estatua de Adolfo Espejo*, 1939; publicada en 1994), salientamos aquí aquelas novelas a partir das cales comezou a conseguir grandes éxitos, como *Oc-tubre, octubre* (1981), *La sonrisa etrusca* (1985), *La vieja sirena* (1990), *Real sitio* (1993), *El amante lesbiano* (2006) ou *La senda del drago* (2006). Como ensaísta, cómpre destacarmos *Realidad económica y análisis estructural* (1959), *Las fuerzas económicas de nuestro tiempo* (1967), *Conciencia del subdesarrollo* (1973), *Escribir es vivir* (2003), *El mercado y la globalización* (2003), *Sobre política, mercado y convivencia* (2006, con Carlos Taibo), *La ciencia y la vida* (2008, con Valentín Fuster e Olga Lucas), *Eco-nomía humanista. Algo más que cifras* (2008), *Reacciona* (2011), prólogo á versión española do *Indignez-vous!* de Stéphane Hessel (2011), *La inflación* (2012, con Carlos Berzosa), etc.

Doutor Honoris Causa polas universidades de Sevilla (2009) e Alcalá (2012), José Luis Sampedro foi un honroso merecedor de distintos galardóns e recoñecementos nos últimos anos. En 2010 recibiu o Premio Internacional Menéndez Pelayo na súa XXIV edición e o Consello de Ministros outorgoulle a Orde das Artes e as Letras de España pola súa sobresaínte traxectoria literaria e



polo seu pensamento comprometido cos problemas do seu tempo. En 2011 recibiu o Premio Nacional das Letras Españolas. En 2012, entre outros recoñecementos, foi nomeado *Escritor Galego Universal* pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e recibiu unha sentida homenaxe no seo da UCM dentro do extenso programa da II Semana Complutense das Letras. Como participación nesta última actividade, fixemos unha tradución ao galego<sup>1</sup> de tres textos inéditos até o momento de José Luis Sampedro. No libro-homenaxe presentado alí pódense consultar os orixinais do escritor<sup>2</sup>, así como unha nutrida escolma de versións traducidas a outras linguas, en recoñecemento ao carácter universal da obra e da humanidade do noso protagonista.

<sup>1</sup> Agradezo as suxestións de Lorena Domínguez Mallo.

<sup>2</sup> *José Luis Sampedro en mil y una lenguas* (Coords. José Manuel Lucía Megías e Begoña Regueiro Salgado, UCM, abril de 2012), pp. 13-15.

### CANCIÓN DE APRENDIZAXE

Sexa Ulises o teu guía  
ao viaxar pola túa vida, compañeiro;  
taponas os teus oídos contra toda serea,  
amárrate ao duro mastro da túa barca  
e obediente ao teu compás secreto,  
pon rumbo á aventura irrenunciábel:  
a viaxe cara a ti mesmo.

### CREDO

Creo na Vida Nai todopoderosa  
creadora dos ceos e da Terra.  
Creo no Home, o seu avanzado Fillo  
concibido en afervoadada evolución,  
progresando a pesar dos Pilatos  
e inventores de dogmas represores  
para oprimir a Vida e sepultala.  
Pero a Vida sempre resucita  
e o Home segue en marcha cara ao mañá.  
Creo nos horizontes do espírito  
que é a enerxía cósmica do mundo.  
Creo na Humanidade sempre ascendente.  
Creo na Vida perdurábel.  
Amén.

### NAVEGANDO ENTRE LIBROS

Navegastes algunha vez nun veleiro ao longo da costa, movidos por unha brisa maina que murmura nas velas, e vendo a pouca distancia como van aparecendo e ficando atrás os detalles do litoral? Estadades a ver unha praia cun círculo de casiñas, brancas e encarnadas, ao pé dun monte, mais dobrades un promontorio e o mundo cambia: é agora un alto cantil a pico sobre o mar con ourela de escumas embravecidas. E máis alá é un porto, guindastres alongados cara ao ceo, inmensos buques cargando... A vida esvara ante nós.

Pois ben, esa mesma experiencia, pero moito máis rica, máis chea de sorpresas, vívoa eu nas grandes librarías. Entro nunha e rodéanme os muros tapizados de andeis ategados de libros e, aínda que eles non se moven, o meu lento paso vai deixando atrás o universo das matemáticas e o da zooloxía, namentres se me ofrecen, en xenerosa variedade, os estantes de novelas estranxeiras, títulos algúns que coñezo, outros tan prometedores e suxestivos que gustaría de desembarcar neles, mesmo ao pasar aloumiño un volume, ábroo ao azar, case vou caer... mais é tan longa a miña viaxe, hai tantos horizontes ao redor que continúo! Agora navego con coidado, hei de sortear illotes que se alzan no meu mar: mesas rebordantes de libros con cubertas, fotos de autores, deseños atraentes... Non podo remedialo, cargo un libro no meu esquite e sigo, pois aí vexo relatos de viaxes, fotos exóticas, mapas reveladores, cargo con outro: un fermoso percorrido por Afganistán, as súas montañas nevadas ao fondo, as súas caravanas no deserto, as máis preciosas sedas sobre o áspero lombo de camelos; quedo con el, quedo con el! Así poderei viaxar cando queira a onde nunca podería ir sen este libro, porque uns salvaxes xa destruíron as súas belezas...

Esa navegación na librería, na miña carabela das descubertas, e esa conquista fácil doutros mundos, doutras vidas, que nunca coñecería sen o libro, é a forza, a maxia, a salvadora vivencia da lectura. Desde

que, na miña infancia, Salgari me levou a vivir entre os bucaneiros do Caribe, até agora en que podo asomarme ás mitocondrias e o seu discutido misterio nas células, mentres eu non perda os ollos nin a razón, a lectura encherá os meus desexos, provocará outros e descubrirame o que non sospeito dando á miña limitada vida física perspectivas innumerábeis.

Coitados os que se privan destas navegacións insubstituíbeis, indispensábeis, enriquecedoras! Abramos os seus ollos á lectura!